

2.º O transcurso de trinta días desde a entrada en pleno funcionamento da planta desalgadora da Área Metropolitana de Barcelona.

Dado en Madrid o 21 de abril de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7309 *CORRECCIÓN de erro da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. («BOE» 100, do 25-4-2008.)*

Advertido erro na Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega núm. 11, do 1 de agosto de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1644, na «Disposición adicional décimo segunda. Da revisión dos medicamentos suxeitos a prescripción.», onde di: «Para facilitar o labor dos profesionais sanitarios que, de acordo con esta lei, non poden prescribir medicamentos, no prazo dun ano o Ministerio de Sanidade e Consumo establecerá a relación de medicamentos que poidan ser usados ou, de ser o caso, autorizados para estes profesionais, así como as condicións específicas en que os poidan utilizar e os mecanismos de participación cos médicos en programas de seguimento de determinados tratamentos»; debe dicir: «Para facilitar o labor dos profesionais sanitarios que, de acordo con esta lei, non poden prescribir medicamentos, no prazo dun ano o Ministerio de Sanidade e Consumo revisará a clasificación dos medicamentos de uso humano que deben dispensarse con ou sen receita médica.»

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

7513 *REAL DECRETO 675/2008, do 28 de abril, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para o curso 2008-2009. («BOE» 103, do 29-4-2008.)*

O Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, establece o novo réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, modificando o anteriormente vixente de xestión centralizada e regulando, con carácter básico, os parámetros precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas ao estudo sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas. Así, establece as normas xerais aplicables tanto ás bolsas territorializadas como a aquelas cuxa xestión lle corresponde ao Estado, os requisitos económicos e académicos para ser beneficiario e os principios e condicións de revogación e reintegro e incompatibilidade das bolsas e axudas estatais.

Non obstante, debido ao seu carácter cuantitativo, algúns dos referidos parámetros básicos deben ser obxecto de actualización periódica co fin de que non resulten desvalorizados polo transcurso do tempo e se adapten ao

importante crecemento desta partida orzamentaria. Para estes efectos, a disposición adicional primeira encomenda ao Goberno a determinación destes parámetros variables para cada curso académico, mediante un real decreto que se aprobará, logo de consulta ás comunidades autónomas, no primeiro trimestre do ano.

Por outra parte, conforme a disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade, as bolsas e axudas ao estudo que se convoquen para seguir estudos regrados e para as que non se fixe un número determinado de persoas beneficiarias concederanse de forma directa ao alumnado tanto universitario como non universitario. Dispón, así mesmo, a citada lei que a contía das referidas bolsas e axudas ao estudo se fixará en función dos custos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar e que se concederán atendendo, cando proceda, ao aproveitamento académico e aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar. Por último, dispón que o seu réxime se establecerá por real decreto, que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

En cumprimento destes preceptos, este real decreto establece, para o curso académico 2008-2009, os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte que se convocan sen un número determinado de persoas beneficiarias, fixando as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por encima dos cales desaparece o dereito á súa obtención.

De acordo coas previsións da sección 18 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, aprobados por Lei 51/2007, do 26 de decembro, as contías incrementáanse, como termo medio, nun 6 por cento con relación ás do curso anterior e os limiares de renda familiar actualízanse tamén nun 13,5 por cento de media con relación aos vixentes no curso 2007-2008.

Polo que se refire ás ensinanzas para as que se convocan bolsas sen un número predeterminado de beneficiarios, engádense ás de cursos anteriores as condcentes ao título de grao e as correspondentes aos programas de cualificación profesional inicial.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Administracións Públicas. Foi, ademais, obxecto de ditame polo Consello Escolar do Estado e, na súa tramitación, foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Ensinanzas para as que se convocan bolsas e axudas ao estudo

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Para o curso académico 2008-2009 e, con cargo aos créditos 18.11.323 M 483.01 e 18.11.323M 485.00 dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse bolsas sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

1. Bacharelato.
2. Formación profesional de grao medio e de grao superior.
3. Ensinanzas artísticas profesionais.
4. Ensinanzas deportivas.

5. Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade a distancia.

6. Estudos universitarios conducentes ao título de grao.

7. Estudos universitarios conducentes aos títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico.

8. Estudos universitarios de másteres oficiais.

9. Cursos de adaptación para diplomados universitarios que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.

10. Ensinanzas artísticas superiores.

11. Estudos relixiosos superiores.

12. Estudos militares superiores.

2. Para o curso académico 2008-2009 e, con cargo ao crédito 18.11.323 M 483.01 dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse axudas ao estudo sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

1. Cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional impartidos en centros públicos.

2. Programas de cualificación profesional inicial.

3. Curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.

4. Ensinanzas non universitarias adaptadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade e trastorno de conduta ou de alta capacidade intelectual.

CAPÍTULO II

Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral

Artigo 2. *Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral.*

Convocaranse bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para o alumnado de bacharelato, de formación profesional, de ensinanzas deportivas, de ensinanzas de idiomas, de programas de cualificación profesional inicial, de ensinanzas artísticas, doutras ensinanzas superiores, de ensinanzas universitarias conducentes ao título de licenciado, de enxeñeiro, de arquitecto, de diplomado, de mestre, de enxeñeiro técnico e de arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao e de másteres oficiais que se cursen en universidades españolas.

SECCIÓN 1.^a ENSINANZAS DE BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL, ARTÍSTICAS PROFESIONAIS, DEPORTIVAS, DE IDIOMAS E PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

Artigo 3. *Compoñentes e contías.*

1. Os compoñentes e contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas a que se refire esta sección serán os seguintes:

Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior con duración dun curso máis prácticas – Euros	Ciclos formativos de grao medio con duración dun curso máis prácticas – Euros	Ciclos formativos de grao superior – Euros	Demais estudos – Euros
Compensatoria	2.788,00	2.381,00	2.250,00	2.000,00
Desprazamento de 5 a 10 km .	188,00	188,00	188,00	188,00
Desprazamento de máis de 10 a 30 km	378,00	378,00	378,00	378,00

Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior con duración dun curso máis prácticas – Euros	Ciclos formativos de grao medio con duración dun curso máis prácticas – Euros	Ciclos formativos de grao superior – Euros	Demais estudos – Euros
Desprazamento de máis de 30 a 50 km	748,00	748,00	748,00	748,00
Desprazamento de máis de 50 km	919,00	919,00	919,00	919,00
Residencia	2.940,00	2.940,00	2.506,00	2.506,00
Escolarización .	569,00	569,00	569,00	569,00
Escolarización en centros municipais	285,00	285,00	285,00	285,00
Escolarización en centros con concerto singular	222,00	222,00	222,00	222,00
Proxecto de fin de carreira	533,00		533,00	
Material escolar	213,00	200,00	213,00	200,00
Suplemento cidades	200,00	200,00	200,00	200,00

2. A contía do compoñente de residencia incrementase en 200 euros cando o centro docente a que asista o alumno radique nunha localidade ou área metropolitana de máis de 100.000 habitantes. Esta contía adicional será de 343 euros cando esta localidade ou área metropolitana supere os 500.000 habitantes.

3. Con excepción dos beneficiarios do compoñente de residencia, todos os demais bolseiros a que se refire esta sección que cursen estudos presenciais nunha localidade ou área metropolitana de máis de 100.000 habitantes recibirán, ademais dos compoñentes a que teñan dereito, un suplemento de 200 euros.

4. O alumnado de programas de cualificación profesional inicial poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e escolarización e, se é o caso, o suplemento de cidades.

5. O alumnado matriculado en centros públicos para seguir cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, se é o caso, o suplemento de cidades.

O alumnado que curse estudos de idiomas en escolas oficiais poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, se é o caso, o suplemento de cidades.

6. Quen, de conformidade co disposto no artigo 18 no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, utilice a oferta específica para persoas adultas ou oferta de matrícula parcial poderán obter os compoñentes para escolarización, desprazamento e material escolar e, se é o caso, o suplemento de cidades. As contías destes compoñentes poderán ponderarse en función da carga lectiva e do horario escolar.

7. O alumnado que curse estudos oficiais de bacharelato ou formación profesional a distancia poderá obter o compoñente de material escolar coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais, poderá obter unha contía máxima de 378 euros en concepto de desprazamento cando non resida na mesma localidade en que radique a sede do centro colaborador ou a extensión do centro de bacharelato a distancia.

8. Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución, as persoas beneficiarias de bolsa con domicilio familiar na España insular, ou en Ceuta ou Melilla, que

se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para acceder ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio, disporán de 425 euros máis sobre a contía da bolsa que lles correspondese.

9. Esta cantidade adicional será de 599 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, Gomera, Hierro e La Palma, Menorca e Las Pitiusas. Estes complementos de bolsa serán tamén aplicables ao alumnado matriculado en centros oficiais de bacharelato a distancia que resida en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

10. No caso de que o alumnado teña que desprazarse entre as illas Canarias e a península, as cantidades a que se refiren os dous parágrafos anteriores serán de 853 euros e 901 euros, respectivamente.

Artigo 4. *Limiars de renda aplicables.*

Para a concesión do compoñente de compensatoria aplicarase o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto.

Para a concesión do compoñente de escolarización aplicarase o limiar 2 de renda familiar.

Para a concesión do compoñente de residencia aplicarase o limiar 5 de renda familiar. Estes solicitantes tamén poderán recibir o compoñente de material.

Para a concesión do material escolar e, se é o caso, do suplemento de cidades, como únicos compoñentes aplicarase o limiar 6 de renda familiar.

Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

SECCIÓN 2.^a ENSINANZAS UNIVERSITARIAS CONDUCENTES AO TÍTULO DE GRAO, DE LICENCIADO, DE ENXEÑEIRO, DE ARQUITECTO, DE DIPLOMADO, DE MESTRE, DE ENXEÑEIRO TÉCNICO E DE ARQUITECTO TÉCNICO, DE MÁSTERES OFICIAIS, DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DOUTRAS ENSINANZAS SUPERIORES

Artigo 5. *Compoñentes e contías.*

1. Os compoñentes e contías das bolsas de carácter xeral para as ensinanzas a que se refire esta sección serán os seguintes:

Compoñentes	Estudios universitarios, ensinanzas artísticas superiores e outros estudos superiores - Euros
Compensatoria	2.500,00
Desprazamento de 5 a 10 quilómetros	188,00
Desprazamento de máis de 10 a 30 quilómetros . . .	378,00
Desprazamento de máis de 30 a 50 quilómetros . . .	748,00
Desprazamento de máis de 50 quilómetros	919,00
Transporte urbano	181,00
Residencia	2.506,00
Material escolar	240,00
Matrícula para estudos universitarios	Importe dos prezos públicos oficiais por servizos académicos para o curso 2008-2009.
Proxecto de fin de carreira	533,00

2. A contía do compoñente de residencia incrementase en 200 euros cando o centro docente a que asista o

alumno radique nunha localidade ou área metropolitana de máis de 100.000 habitantes. Esta contía adicional será de 343 euros cando a dita localidade ou área metropolitana supere os 500.000 habitantes.

3. O alumnado maior de 25 anos que, segundo o disposto no artigo 22 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, non se matricule de curso completo e quen realice o curso de preparación para o acceso á universidade na súa modalidade presencial poderá obter unicamente os compoñentes de matrícula, desprazamento, transporte urbano e material escolar. As contías destes compoñentes poderán ponderarse en función da carga lectiva e do horario escolar.

4. O alumnado que curse estudos universitarios non presenciais, incluído o curso de preparación para o acceso de maiores de 25 anos, poderá obter o compoñente de material escolar e o compoñente de matrícula coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais, poderán obter unha contía máxima de 378 euros en concepto de desprazamento cando non residan na mesma localidade en que radique a sede do centro asociado ou colaborador.

5. Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución, as persoas beneficiarias de bolsa con domicilio familiar na España insular, ou en Ceuta ou Melilla, que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para accederen ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio, disporán de 425 euros máis sobre a contía da bolsa que lles correspondese.

6. Esta cantidade adicional será de 599 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, Gomera, Hierro e La Palma, Menorca e Las Pitiusas. Estes complementos de bolsa serán tamén aplicables ao alumnado que cursa estudos universitarios de educación a distancia que resida en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

7. No caso de que o alumnado teña que se desprazar entre as illas Canarias e a Península, as cantidades a que se refiren os dous parágrafos anteriores serán de 853 euros e 901 euros, respectivamente.

Artigo 6. *Limiars de renda aplicables.*

Para a concesión do compoñente de compensatoria aplicarase o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto.

Para a concesión do compoñente de residencia aplicarase o limiar 5 de renda familiar. Estes solicitantes tamén poderán recibir o compoñente de material escolar e de transporte urbano.

Para a concesión da matrícula como único compoñente aplicarase o limiar 6 de renda familiar.

Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

CAPÍTULO III

Bolsas de mobilidade

Artigo 7. *Bolsas de mobilidade.*

Convocaranse bolsas de mobilidade para o alumnado que curse en modalidade presencial e en centros situados nunha comunidade autónoma distinta á do seu domicilio familiar algunha das seguintes ensinanzas: artísticas superiores, estudos relixiosos superiores, ensinanzas conducentes aos títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao e de másteres oficiais que se cursen en universidades españolas.

Artigo 8. Modalidades e contías.

As modalidades e contías das bolsas de mobilidade serán as seguintes:

Modalidades	Estudantes con domicilio familiar en Illes Balears – Euros	Estudantes con domicilio familiar en Canarias, Ceuta ou Melilla – Euros	Resto de estudantes – Euros
Xeral de mobilidade con residencia	3.869,00	4.171,00	3.270,00
Especial de mobilidade con residencia	6.369,00	6.671,00	5.770,00
Xeral de mobilidade sen residencia			1.592,00
Especial de mobilidade sen residencia			3.772,00

Artigo 9. Limiares de renda aplicables.

Para a concesión das modalidades especiais de bolsa de mobilidade aplicarase o limiar 1 de renda familiar.

Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade sen residencia aplicarase o limiar 4 de renda familiar.

Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade con residencia aplicarase o limiar 5 de renda familiar.

Para a concesión da matrícula como único compoñente aplicarase o limiar 6 de renda familiar.

CAPÍTULO IV

Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Artigo 10. Axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Convocaranse axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno de conduta ou asociada a alta capacidade intelectual, que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior e programas destinados á obtención dunha cualificación profesional inicial. Os subsidios atenderán aos gastos de comedor escolar e de transporte escolar e concederanse ao alumnado con necesidades educativas especiais que pertencen a familias numerosas.

Artigo 11. Compoñentes e contías.

1. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade serán os seguintes:

Compoñentes	Educación primaria, ESO e programas de cualificación profesional inicial – Euros	Resto de niveis educativos – Euros
Axuda de ensinanza	Ata 845,00.	Ata 845,00.
Axuda ou subsidio de transporte escolar	Ata 605,00.	Ata 605,00.
Axuda ou subsidio de comedor escolar	Ata 563,00.	Ata 563,00.

Compoñentes	Educación primaria, ESO e programas de cualificación profesional inicial – Euros	Resto de niveis educativos – Euros
Axuda de residencia escolar	Ata 1.760,00.	Ata 1.760,00.
Axuda para transporte de fin de semana	Ata 434,00.	Ata 434,00.
Axuda para transporte urbano	Ata 302,00.	Ata 302,00.
Axuda para material escolar	Ata 100,00.	Ata 200,00.
Axuda para reeducación pedagóxica	Ata 895,00.	Ata 895,00.
Axuda para reeducación da linguaxe	Ata 895,00.	Ata 895,00.

2. As contías establecidas na táboa anterior para as axudas ou subsidios de transporte incrementaranse ata nun 50 por cento cando o alumno teña unha minusvalidez motora superior ao 65 por cento.

3. Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos ou, se é o caso, por axudas concedidas aos centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para material escolar.

4. O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá obter, nos termos previstos no artigo 11 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, unha axuda de ata 895 euros para o pagamento dos gastos derivados da inscrición e asistencia a programas específicos para este colectivo.

Artigo 12. Limiar de renda aplicable.

Para a concesión destas axudas aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

CAPÍTULO V

Limiares de renda e patrimonio familiar

Artigo 13. Limiares de renda familiar.

1. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 1 de renda familiar para o curso 2008-2009 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte financiará a totalidade das bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Comunidade Autónoma convocante.

	Euros
Familias dun membro	Entre 3.445,00 e 3.548,00
Familias de dous membros	Entre 6.648,00 e 6.847,00
Familias de tres membros	Entre 9.687,00 e 9.978,00
Familias de catro membros	Entre 12.705,00 e 13.086,00
Familias de cinco membros	Entre 15.716,00 e 16.187,00
Familias de seis membros	Entre 18.660,00 e 19.220,00
Familias de sete membros	Entre 21.538,00 e 22.184,00
Familias de oito membros	Entre 24.351,00 e 25.081,00

A partir do oitavo membro engadiranse entre 2.813 e 2.897 euros por cada novo membro computable da familia.

2. O limiar 2 de renda familiar para o curso 2008-2009 será o recollido na seguinte táboa:

	Euros
Familias dun membro	10.297,00
Familias de dous membros	16.773,00
Familias de tres membros	22.027,00
Familias de catro membros	26.128,00
Familias de cinco membros	29.650,00
Familias de seis membros	33.051,00
Familias de sete membros	36.266,00
Familias de oito membros	39.461,00

A partir do oitavo membro engadiranse 3.168 euros por cada novo membro computable da familia.

3. O limiar 3 de renda familiar para o curso 2008-2009 será o recollido na seguinte táboa:

	Euros
Familias dun membro	11.522,00
Familias de dous membros	18.768,00
Familias de tres membros	24.647,00
Familias de catro membros	29.235,00
Familias de cinco membros	33.176,00
Familias de seis membros	36.982,00
Familias de sete membros	40.580,00
Familias de oito membros	44.154,00

A partir do oitavo membro engadiranse 3.544 euros por cada novo membro computable da familia.

4. O limiar 4 de renda familiar para o curso 2008-2009 será o recollido na seguinte táboa:

	Euros
Familias dun membro	11.633,00
Familias de dous membros	19.884,00
Familias de tres membros	26.983,00
Familias de catro membros	32.216,00
Familias de cinco membros	35.831,00
Familias de seis membros	38.656,00
Familias de sete membros	41.443,00
Familias de oito membros	44.218,00

A partir do oitavo membro engadiranse 2.610 euros por cada novo membro computable da familia.

5. O limiar 5 de renda familiar para o curso 2008-2009 será o recollido na seguinte táboa:

	Euros
Familias dun membro	12.776,00
Familias de dous membros	21.809,00
Familias de tres membros	29.602,00
Familias de catro membros	35.155,00
Familias de cinco membros	39.293,00
Familias de seis membros	42.418,00
Familias de sete membros	45.508,00
Familias de oito membros	48.584,00

A partir do oitavo membro engadiranse 3.070 euros por cada novo membro computable da familia.

6. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 6 de renda familiar para o curso 2008-2009 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte financiará a totalidade das bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a comunidade autónoma convocante.

	Euros
Familias dun membro	Entre 13.622,00 e 14.310,00.
Familias de dous membros	Entre 23.252,00 e 24.427,00.
Familias de tres membros	Entre 31.561,00 e 33.155,00.
Familias de catro membros	Entre 37.482,00 e 39.375,00.
Familias de cinco membros	Entre 41.894,00 e 44.010,00.
Familias de seis membros	Entre 45.225,00 e 47.510,00.
Familias de sete membros	Entre 48.520,00 e 50.971,00.
Familias de oito membros	Entre 51.800,00 e 54.416,00.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.273 e 3.439 euros por cada novo membro computable da familia.

No suposto de que, resolta a convocatoria, o número de bolseiros resulte inferior ao do curso académico 2007-2008 incrementado nun 10 por cento, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte poderá elevar progresivamente os limiares de renda familiar, sen exceder un 10 por cento. Se esta elevación de limiares afectase o limiar 1 ou o limiar 6, os compromisos de financiamento do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte entenderanse adaptados aos novos parámetros.

Artigo 14. *Cálculo da renda familiar.*

A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para os efectos das bolsas e axudas ao estudo do curso 2008-2009, computarase o exercicio 2007.

Para a determinación da renda dos membros computables que presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluindo os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2007.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido restarase os pagamentos á conta efectuados.

Artigo 15. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2008-2009, aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

1. O 50 por cento dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

2. 482 euros por cada irmán, incluído o solicitante, que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral e 738 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de ata 1.816 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

3. 1.748 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que estea afectado de minusvalidez, legalmente cualificada, de grao igual ou superior ao 33 por cento. Esta dedución será de 2.781 euros cando a minusvalidez sexa de grao igual ou superior ao 65 por cento. Esta dedución será de ata 3.615 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

4. 1.135 euros por cada fillo menor de 25 anos que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os fillos estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

5. Incrementarase o limiar de renda familiar aplicable nun 20 por cento cando o solicitante sexa orfo absoluto.

Artigo 16. *Limiars indicativos de patrimonio familiar.*

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 14 e 15 anteriores, denegarase a bolsa ou axuda solicitada para o curso 2008-2009 cando se superen os limiars indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 41.600 euros. En caso de inmobles en que a data de efecto da última revisión catastral estivese comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplícaranse os valores catastrais por 0,50. No caso de que a data da mencionada revisión fose posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplícaranse polos coeficientes seguintes:

- Por 0,44 os revisados en 2003.
- Por 0,38 os revisados en 2004.
- Por 0,31 os revisados en 2005.
- Por 0,27 os revisados en 2006.
- Por 0,25 os revisados en 2007.

Nos inmobles situados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplícarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 12.756 euros por cada membro computable.

c) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia, excluíndo as subvencións recibidas para

adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, non poderá superar 1.700 euros.

Estes elementos indicativos do patrimonio computaranse polo seu valor en 31 de decembro de 2007.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos no punto anterior de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do limiar correspondente. Denegarase a bolsa cando a suma das referidas porcentaxes supere cen. Non obstante, se unha vez resoltas as convocatorias o número de bolseiros resultase inferior ao do curso 2007-2008 incrementado nun 10 por cento, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte poderá determinar que non se aplique o disposto neste punto.

3. Tamén se denegará a bolsa ou axuda ao estudo solicitada cando as actividades económicas de que sexan titulares os membros computables da familia teñan un volume de facturación, en 2007, superior a 155.500 euros.

4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50 por cento do valor daqueles que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

Disposición transitoria primeira. *Axudas para a adquisición de libros convocadas polas comunidades autónomas.*

Durante o curso 2008-2009 non serán de aplicación as normas reguladoras dos requisitos económicos contidas neste real decreto e no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, ás convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar nos niveis obrigatorios publicadas polas comunidades autónomas ao abeiro dos convenios de colaboración que se subscribisen co Ministerio de Educación e Ciencia ou que se subscribisen co Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

Disposición transitoria segunda. *Convenios de cofinanciamento.*

Excepcionalmente para o curso 2008-2009 as comunidades autónomas que iniciasen a negociación para o traspaso das funcións e servizos en materia de xestión de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, poderán acordar, a través dun convenio co Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, a convocatoria e o cofinanciamento con cargo aos seus propios orzamentos do 50 por cento das bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado no artigo 13, números 1 e 6 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado no artigo 149.1 30.^a da Constitución española e de acordo co previsto no artigo 45 da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e das letras b), c), d) e e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, Política Social e Deporte ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Política Social e Deporte,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

7632 *ORDE EHA/1199/2008, do 29 de abril, pola que se reducen para o período impositivo 2007 os índices de rendemento neto aplicables no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para as actividades agrícolas e gandeiras afectadas por diversas circunstancias excepcionais. («BOE» 104, do 30-4-2008.)*

O artigo 37.4.1.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto

439/2007, do 30 de marzo, establece que cando o desenvolvemento de actividades económicas, ás cales lles fose de aplicación o método de estimación obxectiva, se vise alterado por incendios, inundacións ou outras circunstancias excepcionais que afectasen un sector ou zona determinada, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos signos, índices ou módulos.

A este respecto, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño emitiu informe polo que se pon de manifesto que durante 2007 se produciron circunstancias excepcionais no desenvolvemento das actividades agrícolas e gandeiras, as cales se localizan en determinadas zonas xeográficas, que aconsellan facer uso da autorización contida no citado artigo 37.4.1.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Por razóns dunha maior claridade para aplicar estas medidas optouse por aprobar as reducións nun único anexo, no cal se agrupan as reducións por comunidades autónomas, provincias, ámbitos territoriais e actividades.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Redución dos índices de rendemento neto aplicables ás actividades agrícolas e gandeiras afectadas por circunstancias excepcionais.*

Os índices de rendemento neto aplicables en 2007 ás actividades agrícolas e gandeiras desenvoltas nos ámbitos territoriais definidos no anexo desta orde serán os contidos neste.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de abril de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.